

O Concello acomete melloras nos centros educativos para a “volta ao cole”

Mentres as obras de mellora do CPIP Antonio Orza Couto avanza a bo ritmo, o Concello de Boqueixón vén de realizar importantes melloras nestas instalacións con fondos propios. Por unha banda, o Concello acordou o reforzo de 25 horas semanais no servizo de limpeza do colexio, atendendo así unha demanda presentada pola Dirección do centro.

Por outra, o Concello renovou todos os elementos do parque infantil do CPIP Antonio Orza Couto, cuns novos xogos adaptados ás idades da rapazada e que incrementan a súa seguridade. E é que o alcalde Ovidio Rodeiro encargou, nos primeiros días do mandato, unha valoración de todos os parques infantís do municipio, de forma que nos próximos meses iranse mellorando todos eles.

Finalmente, o Concello aproveitou o verán para pintar na escola infantil Raiña Lupa, arranxar unha das fiestras, lavar a beirarrúa e rampa da entrada, pintar a varanda e adquirir novo equipamento para os meniños e meniñas, para que siga sendo unha escola modelo.



Novas melloras no transporte

O Concello conseguiu que a empresa Lázara puxera un autobús de máis prazas na súa liña a Santiago, dando así resposta ás peticións dos usuarios. O alcalde, Ovidio Rodeiro, agradece que se comunique calquera incidencia para atendela o antes posible.

A maiores, a liña Silleda-Santiago do Transporte Metropolitano atrasa en 10 minutos as paradas de Ledesma (7:40 h) e Camporrapado (7:45 h), polo que a chegada a Santiago será ás 8:17 h, o que facilita que o alumnado poida chegar con tempo ás clases.

Por outra banda, o Concello presentou por urxencia unha petición para atrasar 10 minutos a saída do bus das 14:30 horas da estación intermodal de Santiago para facilitar que o alumnado dos institutos poidan acollerse a este servizo ao rematar as clases.

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL

De	Ata	Parroquia	Lugar
02-out	08-out	Lamas	Campo da Festa
09-out	15-out	Vigo	Campo da Festa
16-out	22-out	Gastrar	Campo da Festa
23-out	29-out	Boqueixón	Campo da Festa

Aberto o prazo para pedir estadias en balnearios

O Concello de Boqueixón informa da convocatoria do programa Benestar en balnearios e axudas para o ano 2023, dirixido a persoas maiores de 60 anos (ou pensionistas maiores de 55), empadroados en Galicia, que se servan por si mesmas para as actividades da vida diaria e non teñan contraindicacións médicas. Poderán ir acompañados do/a cónxuxe ou parella.

As quendas nos balnearios teñen unha duración de 10 días e desenvolveranse entre o 22 de outubro e o 31 de decembro. As solicitudes deberán presentarse antes do 18 de outubro na sede electrónica da Xunta.

Dúbdas e máis información: Servizos Sociais do Concello de Boqueixón, 981 51 31 06.

O Concello convoca unha reunión sobre as axudas da Xunta á vivenda 2024

O Concello de Boqueixón convoca unha reunión aberta a toda persoa interesada nas axudas á vivenda que a Xunta de Galicia convocará no 2024: corrección de impactos paisaxísticos e mellora da eficiencia enerxética. A reunión terá lugar o mércores 18 de outubro, ás 20:00 horas, no salón de Plenos da Casa do Concello. A participación é totalmente de balde, sendo necesario anotarse no mail emrego@boqueixon.com ou chamando ao 981 513 061 (Departamento de Emprego).

A Xunta de Galicia vai convocar axudas para emendar impactos paisaxísticos dirixidas a particulares e comunidades que permiten aforrarse o 70% do total do proxecto, ata un máximo de 3.000 euros. Trátase dunha nova axuda para peque-



nas obras nas fachadas (revestir fachadas de ladrillo ou do bloque, pintar fachadas en mal estado ou cores impactantes...), en cubertas (acabados en tella e lousa), en muros de peche (revestir muros de bloques con pedra do país, substituír celosía ou balaústres prefabricados por rede metálica ou sebe vexetal, rebaixar a altura de muros de máis de 1,5 metros...).

No caso do Programa de axuda ás actuacións

de mellora da eficiencia enerxética en vivendas, permite subvencionar ata o 40% da actuación, cun límite de 3.000 euros por vivenda. Está aberta a persoas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias de vivendas. As actuacións deberán permitir reducir nun 7% a demanda enerxética anual de calefacción e refrixeración da vivenda. As axudas atenderanse por rigorosa orde de presentación ata fin dos cartos.



Rematamos a roza do Pico Sacro e de 230 km de estradas asfaltadas

O cumio do Pico Sacro luce nestes días un manto de cor marrón grazas ao remate dos traballos de roza e limpeza iniciados no mes de setembro. Uns traballos que tamén chegaron a todas as parroquias de Boqueixón, onde rozamos máis de 230 km de estradas.



Obras de mantemento e mellora do mobiliario público en Lestedo

O Concello de Boqueixón vén de rematar as obras de mellora do seu mobiliario urbano, repoñendo os bancos da praza de Lestedo, que estaban en mal estado de conservación. Así mesmo, nestes días deron comezo as obras do novo parque infantil.

Boqueixón mellora as condicións laborais do Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón aprobou o prego de condicións que rexerá a licitación do Servizo de Axuda no Fogar, que terá lugar no mes de outubro. Un documento no que se recollen incrementos de entre o 9,1% e o 19,5% no prezo por hora traballada e un significativo aumento do pago por quilometraxe, que medra un 31,5% e pasa dos actuais 0,19 euros aos 0,26 euros.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, salienta que “imos facer un importante esforzo para dignificar as condicións de traballo das persoas que atenden aos nosos maiores e dependentes polo que non so imos aumentar o prezo por hora traballada senón que imos pagar a quilometraxe a 0,26 euros, un 31,5% máis e posiblemente o máis alto que se



abona neste tipo de servizos na contorna”.

Así, o prego aprobado fixa en 20,38 euros o prezo das horas ordinarias do SAF, o que supón un incremento do 9,1% con respecto ás anteriores condicións e equiparable ás que se están a ofrecer noutros municipios da contorna. Así mesmo, o Concello de Boqueixón acordou crear unha nova modalidade de fin de semana, cuxo prezo será de

22,32 euros, un 19,5% máis co prezo ordinario.

Deste xeito, o Concello de Boqueixón vai máis aló das reclamacións presentadas polas traballadoras do SAF, que o pasado mes de novembro de 2022 solicitaran ao Pleno un aumento dos cobros de quilometraxe ata os 0,25 euros. O contrato do SAF de Boqueixón sairá publicado na plataforma de contratación do Estado nos próximos días.

As vantaxes de empadroarse en Boqueixón: xa somos 4.302

Nos últimos cen días censáronse en Boqueixón máis de 80 persoas, polo que xa somos 4.302 veciños/as. Unhas cifras que se manteñen estables nos últimos anos, non como outros municipios da contorna de Compostela.

Porén, aínda hai moitas persoas que non están empadroadas e non desfrutan dos beneficios que conleva tales como: ter prioridade á hora da concesión dunha actividade ou servizo, acceder a determinadas axudas municipais ou realizar trámites tales como pedir praza escolar, solicitar o carnet de asistencia sanitaria, regularizar o permiso de residencia ou traballo, renovar o DNI, casar polo Civil, matricular un vehículo... Un trámite sinxelo e con moitas vantaxes: vén e empadróate!



Premios á excelencia turística para tres empresas de Boqueixón

O concelleiro de Turismo, José Luís Mareque, asistiu á entrega de Distincións SICTED, que premian a excelencia en destino. Tres establecementos de Boqueixón foron premiados: Casa do Casal, Enoturismo María Manuela e Hotel Donas e Cabaleiros.



Recarga de vehículos eléctricos nunha empresa de Sergude

O alcalde Ovidio Rodeiro, e o director xeral de Planificación Enerxética da Xunta, Pablo Fernández, visitaron Cementos Cosmos, do grupo Votorantim, no polígono de Sergude, que recibiu unha axuda para instalar un punto de recarga no aparcadoiro cuberto.

Licitado por 1,7 millóns de euros o cambio de todas as luminarias a LED

O Pleno de Boqueixón aprobou sacar a licitación un proxecto para substituír todas as luminarias do municipio a tecnoloxía LED. A inversión ascende a 1,7 millóns de euros, dos que o Concello aporta 250.000 e o resto o programa DUS 5000. O cambio luminarias estará rematado no primeiro trimestre de 2024.

“O obxectivo é acadar a total renovación dos máis de 2.700 puntos de luz distribuídos por todo o municipio”, indica o alcalde Ovidio Rodeiro, quen engade que “lograremos unha rebaixa no custe do alumeadado público e estaremos tamén coidando o noso medio ambiente ao reducir o consumo enerxético e dispoñer dunha tecnoloxía de vida útil máis longa e reciclable”.

Investimos máis de 145.000 € na mellora da estrada de Moa á Pena

O Concello de Boqueixón vén de iniciar as obras de mellora da estrada que une A Moa e A Pena. Unha actuación que conta cun investimento de máis de 145.000 euros e que permitirá crear un itinerario peonil anexo á estrada, evitando así que a veciñanza teña que camiñar pola calzada. Para iso acondicionáronse sobreanchos na estrada mediante unha cuneta transitable de 1,5 metros de ancho, o que mellorará a seguridade dos peóns. A maiores, mellorarase a capa da estrada con 5 cm de aglomerado en quente.

A maiores, o Concello continúa mellorando con riegos as distintas pistas municipais. As últimas acometidas son as de Ramil-Roelle, o camiño do Alto de Quián ata a pista de Rubial á Solaina e unha pista en Vilaboa.



Inicio das obras de mellora da estrada do núcleo da Moa á Pena



Continuamos mellorando as distintas pistas municipais con regos



Lestedo celebra as festas na honra da Virxe de Lurdes

Lestedo celebrou as súas festas de Lurdes. O sábado 9, coa tradicional procesión con velas para trasladar á Virxe á Capela de Lurdes e a música dos grupos Ibiza e Arena e a orquestra Galilea. E o domingo 10 coas bandas de música de Teo e Santa Cruz de Ribadulla.



Gran festa sorpresa a Enriqueta Rey no seu cen aniversario

Enriqueta Rey, usuaria da Residencia Santa Olaia, foi sorprendida cunha gran festa polo seu 100 aniversario. Unha xornada na que a concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde Leis, entregoulle un ramo de flores e acompañou á familia e aos profesionais da residencia.

Boqueixón rebaixa nun 30% o prezo das actividades de conciliación 23/24

O Concello de Boqueixón abre inscricións nos Programas do Plan Corresponsables: “Tardes Educativas e de Lecer” e “Madruga Boqueixón”, dirixidos á rapazada de entre os 3 e os 16 anos.

Madruga Boqueixón ofrece un servizo de acollida, coidado e vixilancia á rapazada antes do comezo das clases. Faranse actividades variadas e relacionadas co fomento de hábitos saudables nun aula cedida polo CPI Antonio Orza Couto.

Tardes Educativas e de Lecer ofrece dous servizos en espazos diferenciados despois das clases: apoio á realización das tarefas escolares diarias con monitoras/res especializadas/os e actividades lúdico educativas. O servizo terá lugar nun aula cedida polo CPI Antonio Orza Couto e nas instalacións municipais.



As persoas interesadas en facer uso destes servizos de coidados deberán cubrir a correspondente ficha de inscrición dispoñible en www.boqueixon.gal. O Concello de Boqueixón, consciente da difícil situación económica, acordou rebaixar nun 30% os prezos de inscrición con respecto ao curso anterior.

A maiores, o Concello de Boqueixón ten establecidas varias bonifica-

cións (detalladas na propia ficha de inscrición). Iso si, as familias que desexen optar a elas deberán presentar documentación acreditativa a maiores.

As inscricións deben facerse presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón ou a través da Sede Electrónica municipal. Para máis información ou consultas no teléfono 981 513061 ou no correo electrónico cim@boqueixon.com.

Exposición “Chicas Nuevas 24 horas” no colexio do Forte

O salón de actos do CPI Antonio Orza Couto acollerá do 2 ao 16 de outubro a exposición “Chicas nuevas 24 horas”. Trátase dunha mostra baseada no documental do mesmo nome da directora Mabel Lozano que denuncia o negocio que xera a explotación sexual de mulleres e nenas.

A mostra está composta de fotos, carteis, paneis e cartelas. Habrá visitas guiadas e obradoiros interactivos o 5 e 13 de outubro, de 12:00 a 14:30 horas.

A iniciativa está dirixida preferentemente a xente moza, a partir dos 14 anos. Actividade promovida pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia en colaboración co Centro de Información á Muller do Concello de Boqueixón.



Festas na honra ás Virxes da Saleta e das Dores en Santa Eulalia de Vigo

Dous días de festa por todo o alto en Santa Eulalia de Vigo. O sábado 16 de setembro con Galaxia e a festa na honra á Virxe da Saleta. E o domingo 17 coa sesión vermú coa Banda Municipal de Padrón e a festa na honra á Virxe das Dores.



Ponte Ledesma celebra a festa na honra da Virxe dos Milagros

O domingo 17 de setembro a veciñanza de Ponte Ledesma celebrou a Festa na Honra da Virxe dos Milagros, con misa cantada polo Coro Airiños do Gundrián. Houbo polbeira e rosquilleira, mentres que a música correu a cargo da Charanga Os Celtas.

O voluntariado favorece a conciliación

Coa chegada do curso escolar, o Concello de Boqueixón pecha a súa programación de conciliación especial de verán. Así, o Verán Activo axudou a máis dun cento de familias a conciliar, ao tempo que lles ofreceu aos seus fillos e fillas unha alternativa de lecer moi atractiva e divertida.

Un programa que é posible grazas á colaboración do Voluntariado Xuvenil boqueixonés, onde un ano máis a nosa rapazada amosou a súa solidariedade. A maiores, do 5 ao 7 de setembro tiveron a ocasión de participaren nun encontro de convivencia no Albergue Xuvenil Marina Española canda mozos e mozas de Vedra. Entre os obxectivos desta actividades figuraba o construír liderado xuvenil para o desenvolvemento comunitario.

A novidade deste ano foi o voluntariado en mediación xuvenil, que traballou temas como educación emocional, habilidades sociais e educación en valores.



Rapazada do voluntariado xuvenil de Boqueixón



Participantes no voluntariado en mediación



Encontro de voluntariado Boqueixón-Vedra



Rapazada participante no Verán Activo 2023



O Verán Activo facilita a conciliación familiar a máis dun cento de familias do municipio durante as vacacións escolares



Éxitos na Copa Federación de Elena Lamelo e Sara Mosquera

Elena Lamelo e Sara Mosquera, integrantes do club Ágora Boqueixón de Patinaxe Artística, veñen de participar na Copa Federación 2023 disputada en Caión. Elena gañou a medalla de ouro na categoría cadete e Sara a presea de bronce na categoría infantil.



Certificados B1 e B2 de inglés para 16 mozos e mozas de Boqueixón

O alcalde, Ovidio Rodeiro, entregou no salón de plenos os certificados B1 e B2 en inglés a un total de 16 mozos/as de Boqueixón, de 4º da ESO e 1º de Bachiller. Uns resultados extraordinarios nun programa que cumpre 15 anos de vida para achegar o inglés ao rural.

Maiores de 80 anos: ollo aos SMS no móbil en outubro para a vacinación!

O centro de saúde de Boqueixón vacinará da gripe e/ou da Covid-19 a todos os veciños/as maiores de 80 anos que poidan desprazarse e non estean inmovilizados na casa. A vacinación dará comezo o 16 de outubro e cada veciño/a recibirá no seu móbil unha mensaxe indicándolle día e hora de vacinación. Hai 3 grandes grupos nesta vacinación:

- Persoas **maiores de 80 anos inmovilizadas** nas súas casas. Serán vacinadas a partir do 9 de outubro nas súas propias vivendas sen que teñan que avisar a ninguén.

- Persoas **maiores de 80 anos con mobilidade**. Serán vacinadas a partir do



16 de outubro no Centro de Saúde de Boqueixón, en horario de 16:00 a 20:00 h. Cada persoa recibirá un SMS no móbil co día e hora da vacinación.

- Persoas **entre 60 e 80 anos**, a partir 26 de outubro serán vacinadas

na Cidade da Cultura, en Santiago. Cada persoa recibirá unha mensaxe indicándolle o día e a hora.

Cada persoa decide se se vacina da gripe, da Covid-19 ou das dúas. É a elección de cada un. O que si é moi importante respectar o día asignado para poñer a vacina porque precisa estar a unha temperaturas baixas (polo que no centro de saúde só haberá as previstas para ese día). É dicir: non se poderá atender a quen non fora citado ese día.

Pola contra, se unha familia ou un grupo da mesma aldea están citados o mesmo día a distintas horas, poden acudir xuntos e serán vacinados.

Ruta Pico Sacro-Cidade da Cultura para conmemorar o Día do Camiño

Os Concellos de Boqueixón e Vedra, en colaboración co Camiño Xacobeo de Inverno, organizan unha ruta entre o Pico Sacro e a Cidade da Cultura para conmemorar o Día do Camiño. A ruta terá lugar o sábado 7 de outubro e haberá dous puntos de saída diferentes: ás 9:30 horas do Pico Sacro (16,5 km) e ás 11:30 horas da Susana (9,3 km). A ruta inclúe degustación de produtos locais e bus de volta ao punto de partida.

Inscripcións no 981 81 48 91 ou casadospeons@concellodevedra.gal.

Lestedo

1º E 3º DOMINGO DE MES

Vén de feira

Rodiño

2º DOMINGO DE MES

PRODUTOS LOCAIS ROUPA ALIMENTACIÓN SEMENTES ARTIGOS PARA O FOGAR
FROITAS E HORTALIZAS PAN E DOCES CALZADO CARNE E EMBUTIDOS CHURROS
POLBO Á FEIRA VIVEIROS COMPLEMENTOS TÉXTILES

NOVOS POSTOS
Descubre unha maior e máis variada oferta

SABOREA BOQUEIXÓN
Restaurantes, bares, polberías, cafeterías...

MERCA EN BOQUEIXÓN
Variedade, calidade e atención personalizada

DESCUBRE BOQUEIXÓN
Pico Sacro, turismo rural, sendeirismo...

O prazo para presentarse ao IX Concurso de Fotografía remata o 15 de novembro

O Concello convocará en outubro a novena edición do Concurso de Fotografía "Paisaxes de Boqueixón", dirixido ao público en xeral, que poderá presentar ata 3 imaxes tomadas no municipio. As fotos deben entregarse en www.boqueixon.gal antes do 15 de novembro en formato horizontal, cun tamaño mínimo de 2000 x 1500 px e non se admitirán montaxes nin manipulacións (salvo tratamentos de cor ou axustes de calidade). En decembro entregaranse os premios: vales de compra de 200, 100 e 50 € no comercio local.

Aumenta o número de usuarios e os grupos das actividades deportivas

HORARIO ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS

HORARIO	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
09:30		CIRCUITO SAUDABLE MAIORES		CIRCUITO SAUDABLE MAIORES	
10:30		PILATES ESPALDA I		PILATES ESPALDA I	
11:30		PILATES TERAPEUTICO		PILATES TERAPEUTICO	
17:00	CROSS FUNCIONAL	PILATES LEDESMA 17:30H.	CROSS FUNCIONAL	PILATES LEDESMA 17:30H.	CIRCUIT TRAINING
18:00	PILATES V		PILATES V		BAILOTERAPIA 18:45H.
19:00	PILATES III	XIMNASIA MAIORES	PILATES III	XIMNASIA MAIORES	CIRCUIT TRAINING
19:00	ZUMBA CAMPORRAPADO		ZUMBA CAMPORRAPADO		
20:15	ZUMBA FORTE		ZUMBA FORTE		
20:15	PILATES IV	PILATES I	PILATES IV	PILATES I	GAP 30 20:30 H.
21:30	CIRCUIT TRAINING 21:15 H.	PILATES II	CIRCUIT TRAINING 21:15 H.	PILATES II	CROSS FUNCIONAL 21:00H.
21:30		ZUMBA LESTEDO		ZUMBA LESTEDO	

Máis de douscentos veciños e veciñas de Boqueixón participan nas actividades físicas e deportivas para adultos do curso 2023-2024, un significativo incremento con respecto ao ano pasado que obrigou a organizar novos grupos e novos horarios.

Gran parte do éxito nas inscricións radica nas actividades de balde que ofrece este ano o Concello de Boqueixón: Circuito Saudable Maiores, Cross Funcional, GAP 30 e Circuit Training no ximnasio do Forte. Tamén hai unha novidade: **Pilates Terapeutico**, para persoas con mobilidade reducida.

Máis información: deportes@boqueixon.gal ou 981 513 061 (Deportes).

AXENDA DO MES DE OUTUBRO

Luns
2

Exposición "Chicas nuevas 24 horas"

Salón de actos do CPI Antonio Orza Couto. Ata o 16 de outubro. Fotos, carteis e paneis que denuncian o negocio da explotación sexual de mulleres e nenas.

Sábado
7

Ruta Pico Sacro-Cidade da Cultura de Santiago

Saídas do Pico Sacro (9:30 h) e A Susana (11:30 h). Conmemoración do Día do Camiño. Inscricións no 981 814 612 ou en casadospeons@concellodevedra.gal

Sábado
7

Teatro de Outono. Malasombra "Bernarda"

Casa da Cultura de Camporrapado. 19:00 horas. De balde. Público a partir de 14 anos. Colabora Deputación da Coruña.

Sábado
14

Teatro de Outono. Culturactiva: Conexión Pingüín

Casa da Cultura de Camporrapado. 19:00 horas. De balde. Público a partir de 14 anos. Colabora Deputación da Coruña.

Mércores
18

Reunión sobre as axudas da Xunta á vivenda 2024

Salón de plenos. 20:00 horas. De balde. Inscricións no mail emprego@boqueixon.com ou no 981 513 061 (Dpto Emprego)

Venres
20

Raquel Queizás: A maleta da avoa

Biblioteca do CPI. 15:30 horas. Público familiar (+3 anos) Conmemoración do Día das Bibliotecas. Inscricións no 981 513 115 ou en cultura@boqueixon.com.

Sábado
21

Teatro de Outono. Vero Rilo: Tralalareira

Casa da Cultura de Camporrapado. 19:00 horas. De balde. Público a partir de 14 anos. Colabora Deputación da Coruña.

Domingo
5

e en novembro...

Ciclo BocAberta.

Casa da Cultura de Camporrapado. 17:30 horas. De balde. Teatro amador para público adulto.

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com